

## **Criterios para a adxudicación de prazas da Sección Bilingüe.**

Para poder ser admitido nalgunha das seccións bilingües ofertadas polo centro é preciso solicitalo no momento de formalizar a matrícula, debendo estar asinada esta petición polo pai/nai ou titor legal do alumno/a.

O alumno comprométese así a asistir á clase de reforzo que se levará a cabo unha hora á semana, pola tarde, fora de horario escolar. A non asistencia á devandita clase de reforzo supón a perda de dereito a seguir cursando a sección bilingüe correspondente.

O Departamento de Inglés emitirá, para cada un dos alumnos que piden unha sección bilingüe, un informe razoado sobre a conveniencia ou non de que lles sexa concedida a súa solicitude, agás no caso da correspondente a 1º da ESO dirixida a alumnos novos no instituto. A obtención dun informe negativo eliminará a posibilidade de que o alumno poda ser adscrito á sección bilingüe solicitada.

Non poderán cursar unha sección bilingüe aqueles alumnos que teñan materias pendentes do curso anterior.

No caso de que o número de alumnos que solicitan as seccións bilingües sexa superior ao número de prazas ofertadas, a selección do alumnado farase seguindo os seguintes criterios por orden de prioridade

### **A. Sección bilingüe de 1º da ESO (Proxecto interdisciplinar)**

Criterios:

1. Aprobar todas as materias de 6º de primaria e formalizar a matrícula na convocatoria de xuño
2. Maior nota na materia de inglés en 6º de primaria
3. Maior nota media no conxunto de todas as materias de 6º de primaria (Na devandita media non se terá en conta a nota de relixión)

### **B. Sección Bilingüe de 2º da ESO (Matemáticas)**

Criterios:

1. Cumprir os criterios de promoción a 2º da ESO na convocatoria de xuño
2. Maior nota de matemáticas en 1º da ESO
3. Maior nota na materia de inglés de 1º da ESO
4. Maior nota media no conxunto de todas as materias de 1º da ESO (Na devandita media non se terá en conta a nota de relixión)
5. Ter cursada a sección bilingüe de 1º da ESO con aproveitamento

### C. Seccións Bilingües de 3º da ESO (Tecnoloxía)

1. Cumprir os criterios de promoción a 3º da ESO na convocatoria de xuño
2. Maior nota na materia de Tecnoloxía de 2º
3. Maior nota na materia de inglés no curso anterior
4. Maior nota media no conxunto de todas as materias do curso anterior (Na devandita media non se terá en conta a nota de relixión)
5. Ter cursada a sección bilingüe de 2º da ESO con aproveitamento

### D. Seccións Bilingües de 4º da ESO (Valores Éticos)

1. Cumprir os criterios de promoción a 4º da ESO na convocatoria de xuño
2. Maior nota na materia de inglés no curso anterior
3. Maior nota media no conxunto de todas as materias do curso anterior (Na devandita media non se terá en conta a nota de relixión)
4. Ter cursada a sección bilingüe do curso anterior con aproveitamento